

Lalínkmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRÓN”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E TURÍSTICAS.**

Expediente núm.: 11/2020.

**REUNIDOS:**


- **Dunha parte**, D. José Crespo Iglesias, **Alcalde do Concello de Lalín**, que actúa no seu nome e representación, de conformidade co establecido nos artigos 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- **E doutra**, D. Manuel Blanco Villar, con D.N.I. 35252072H, na súa condición de **presidente da “Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón”**, CIF: G-36361434, e domicilio social no lugar de Codeseda, núm. 7, Doade-Lalín, que actúa no nome e en representación da devandita asociación, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, vixentes a día de hoxe.

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** Que entre as competencias que lle corresponden ó Concello de Lalín, de conformidade co establecido nos artigos 80 da Lei 5/1997 citada, e 25.2, letras c) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se atopan as que se refiren ó patrimonio histórico-artístico e á realización e fomento de actividades e instalacións culturais, a ocupación do tempo de lecer e a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

**Segundo.-** Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións para a mellora da calidade de vida da poboación rural e a importancia que ten para dita poboación a posta en valor da propia contorna de xeito que permitan que as xentes que viven no campo se sintan vencellados ao seu territorio, a través dunha adecuada oferta no ámbito da cultura, do turismo e do ocio, que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación dos veciños do noso Concello.





Cod. Validación: ARJMNQDYR6APCHDSKJ5M1F6C4 | Corrección: <https://lain.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 7

**Terceiro.-** Que as asociacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado nesta labor de dinamización. Concretamente unha destas entidades é a **“Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón”** que ten como obxectivo principal impulsar todo tipo de actividades culturais e artísticas, a través de conferencias, sesións de traballo, cursos de divulgación, concursos exposicións, publicacións, fomentando ao máximo nivel a etnografía, a arqueoloxía a cultura e o turismo da zona...

**Cuarto.-** Que a dita Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co núm.: 2000/000428-1, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que ten como obxectivo principal manter vivo o Museo Casa do Patrón, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recoller e conservar a lingua, a cultura galegas e o turismo rural en Lalín e na Comarca de Deza, en xeral.

**Quinto.-** Que o Museo Casa do Patrón, é o gran ecomuseo do mundo rural galego, con máis de 2.000 metros cadrados de exposicións onde se conservan e dan a coñecer máis de 4.500 pezas recollidas por toda a xeografía galega, pequenos apeiros cunha grande historia, auténticos símbolos da Galicia dos tres últimos séculos. Que o Museo Casa do Patrón desenvolve unha serie de proxectos anuais para manter viva a tradición, recuperando prácticas de antano que na actualidade se están perdendo, como a sega do cereal, a malla, a moenda, o proceso do liño, obradoiros de oficios xa desaparecidos, así como a recuperación e conservación do Castro e das Mámoas de Doade, a ruta homologada de sendeirismo do Castro de Doade (PR-G210), a contorna natural biosaudable de “Entre Ríos”, ademais de milleiros de visitas guiadas ás 13 salas de exposicións do Museo, ao complexo etnográfico de Codeseda e ao Castro de Doade.

**Sexto.-** Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver acollidas ao convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada Entidade que, ademais, dispón de infraestruturas, medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único e exclusivo en Lalín, no Deza, e mesmo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

E dado que o Concello de Lalín e a **“Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón”** teñen un interese común e coincidente na promoción e potenciación da cultura e o turismo dentro do seu ámbito de actuación, manifestando a súa vontade recíproca de colaborar a tal fin, ámbalas dúas Entidades acordan a sinatura deste convenio de colaboración, que quedará suxeito ás seguintes,

### CLÁUSULAS:



### **PRIMEIRA.- Finalidade.**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón, para a realización de actividades de fomento da cultura e do turismo no seu radio de acción.

### **SEGUNDA.- Compromisos da Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón.**

Coa sinatura deste convenio, a Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón, comprométese a:

1. Facer constar en lugar ben visible a colaboración do Concello de Lalín, utilizando para tal efecto os seus anagramas ou logotipos, na forma que se lle indique, en **todas as actuacións informativas e divulgativas**, así como as **posibles publicacións** que se fagan relacionadas coas actividades do convenio, que estarán sempre en lingua galega (**difusión da colaboración**).
2. Organización e execución da **Malla Tradicional anual** a cal irá acompañada de exposicións de artesanía popular, mostra de máquinas e motores da época e serán musical a cargo de varias agrupacións de música e baile tradicional da comarca do Deza. Esta celebración poderá ser presencial e virtual debido a situación sanitaria do COVID 19
3. Recreación do **proceso artesanal do liño** de forma presencial ou virtual complementada cunha exposición de roupas feitas con esta fibra.
4. Elaboración de **demostracións e obradoiros** etnográficos e castrellos relacionados relacionados coa cultura galega e dezá, os cales se poderán celebrar de forma presencial ou virtual.
5. Mantemento dos bens arqueolóxicos consolidados no **Castro de Doade, da ruta homologada de sendeirismo PR-G210 e da contorna** natural biosaudable de “Entre Ríos”, facilitando o seu coñecemento entre a poboación, para fins culturais e turísticos.
6. Finalmente, a Asociación, comprométese a **atender de xeito gratuíto a totalidade das visitas, tanto individuais, coma en grupos que considere oportuno enviarlle o Concello de Lalín** no período estipulado, dentro do seu actual horario, sempre que o permita a capacidade e dispoñibilidade das súas instalacións.



7. Facer constar a colaboración do concello de Lalín nos **libros publicados** polo Museo, e entregar ó concello un **mínimo de 5 exemplares** de cada publicación feita mentras o convenio esté vixente.

### **TERCEIRA.- Compromisos do Concello.**

Pola súa banda, o Concello de Lalín comprométese a colaborar na realización das actividades da Asociación, achegando un importe de **cinco mil euros (5.000 €)** durante o ano de vixencia deste convenio, aportando a Asociación a cantidade restante que resulte precisa para a realización das actuacións relacionadas no apartado b) que antecede.

O pago desta subvención levarase a cabo na forma indicada na Base 27 das de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2019, prorrogado para o 2020, tendo a consideración de subvención prepagable sen esixencia de constitución de garantía.

A Asociación poderá solicitar o pago anticipado do total da subvención unha vez entre en vigor o convenio.

Serán subvencionables aqueles gastos nos que incorra a Asociación para o desenvolvemento das actividades indicadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020.

Esta achega será compatible con calquera outra das demais Administracións Públicas, sempre e cando a suma total das mesmas non supere o importe xustificado pola Asociación en cada exercicio.

A percepción desta contía, será incompatible con calquera outra clase de subvención, axuda, ingreso ou recurso por parte do Concello de Lalín.

### **CUARTA.- Xustificación e pagamento.**

A **“Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón”** queda suxeita ás actuacións de comprobación que desexe efectuar o Concello de Lalín así como a calesqueira outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar tanto o Consello de Contas como Tribunal de Contas e Intervención municipal, conforme ao artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, e a xustificar a cantidade recibida; e para tal efecto deberá presentar, con data límite do 30 de novembro de 2020, a seguinte documentación:



1. Certificación da execución das actividades do convenio, asinada pola Asociación, xunto coa que se achegará a xustificación dos gastos que orixine a súa execución, mediante as correspondentes facturas, de ser o caso, así como documentación na que se acredite o cumprimento da obriga de difusión da colaboración. No caso de que a xustificación de gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega do Concello, será proporcional ao importe parcial xustificado.

2. Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda con Facenda Estatal e Autonómica, nin coa Seguridade Social.

3. Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de entidades privadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución.

4. Declaración responsable de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

5. Achegar certificación IBAN do número de conta corrente á que deba transferirse o importe da subvención.

#### **QUINTA.- Entrada en vigor.**

O prazo de duración do convenio será dende o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020, sen prexuízo de que serán subvencionables os gastos nos que incorra a Asociación para o desenvolvemento das actividades indicadas na Cláusula Segunda no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020.

Con todo, poderá extinguirse anticipadamente por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestímulo ou denuncia dalgunha delas, ou por incumprimento dos compromisos adquiridos, que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte, cun mínimo dun mes de antelación.

#### **SEXTA.- Comisión de seguimento.**

Para garantir o cumprimento deste convenio, créase unha comisión paritaria mixta de seguimento, constituída polo Alcalde do Concello de Lalín e o Presidente da Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón en cada momento, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución, sendo os seus acordos de execución inmediata.

En caso de dúbidas na aplicación do Convenio corresponde a resolución das mesmas á Alcaldía previo informe da Secretaría e e Intervención municipal.



### **SÉTIMA.- Causas de resolución e reintegro.**

A maiores do establecido na cláusula quinta anterior, o presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións indicadas no convenio.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culmine o mínimo volume de actividades acordadas no acordo.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### **OITAVA.- Protección de datos de carácter persoal**

Ámbalas dúas partes, comprométese a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica vixente, que xustifica e lexítima o tratamento dos datos persoais.

### **NOVENA.- Lexislación aplicable. Xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo seu Regulamento, pola Lei 9/2007, do 13 de xullo de Subvencións de Galicia, e polo establecido na Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Lalín que estean vixentes xunto co presente convenio.

A Asociación Amigos do Museo da Casa do Patrón quedará sometida ás responsabilidade e réxime sancionador establecidos tanto na dita Lei Xeral de Subvencións, como na Lei Xeral Orzamentaria.

Das cuestións litixiosas xurdidas con motivo da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, coñecerán os Xulgados e Tribunais competentes do orden xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

En proba de conformidade con todo o anteriormente exposto, ámbalas dúas partes asinan este convenio por triplicado en Lalín, a 2 de XUNO de 2020.

O Alcalde.



O Presidente da Asociación.

